



Resolución de Alcaldía.- Convocatoria da mesa de contratación de "Control de accesos a Casco Histórico de Tui".

Con data 11 de novembro 2013 se realizou a Mesa de Contratación para apertura do sobre nº 2, oferta económica, das empresas presentadas á licitación, adoptándose o acordo que, de seguido, se transcribe literalmente:

"Primeiro.- Solicitar á empresa Tecnología Plexus, S.L., con enderezo r/ José Villar Granjel, nº 22-24 Pol. Boisaca, 15890 Santiago de Compostela, xustificación da viabilidade da proposta económica presentada no tocante á axeitada xustificación dos prezos ofertados e relación entre a solvencia da empresa e a oferta presentada.

Segundo.- Outorgar un prazo de cinco días hábiles ao licitador ao efecto de presentar a xustificación solicitada.

Terceiro.- Unha vez remtado o prazo, remitir a oferta e xustificación presentada ao aparellador municipal para a emisión do informe ao que fai referencia o art. 152.3 do TRLCSP."

Unha vez que a empresa requirida, con data 19/11/2013, presentou documentación xustificativa solicitada e emitido o informe técnico correspondente aos referidos efectos, para continuar co procedemento legalmente establecido e de conformidade co prego de cláusulas administrativas, esta Alcaldía-Presidencia, no uso das competencias conferidas pola lexislación vixente, **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Convocar á Mesa de Contratación para o vindeiro, xoves, día 28 de novembro ás 12,30 horas aos efectos de posta en coñecemento de informe emitido polo aparellador municipal e proposta da Mesa ao órgano de contratación de oferta máis vantaxosa.

SEGUNDO.- Dar traslado da presente Resolución de Alcaldía aos membros da Mesa de Contratación designados, ós Departamentos de Secretaría e Intervención, ao taboleiro de edictos e perfil do contratante así como ó Pleno Corporativo na vindeira sesión que se celebre.

Mándoo e asínoo en Tui a 26 de novembro de 2013.

O Alcalde-Presidente

Dou fe,
A Secretaria do concello

Asdo. Moisés Rodríguez Pérez

Asdo. Irene Suárez López



EXCMO. CONCELLO DE TUI

Praza do Concello, nº 1 – 36700 – Tui

Telef: 986 603 625 – Fax: 986 600 570
